


Programa Actividades Municipais 2019/2020



**CONCELLO DE
MESIA**

ESCOLA DE MÚSICA E BAILE GALEGO

Este curso o Concello de Mesía continúa co programa da Escola de música e baile galego, propoñendo as seguintes actividades e horarios que se realizarán no local do antigo colexio de Lanzá.

PANDEIRETA

Idade:	A partir de 6 anos.
Frecuencia:	Venes a partir das 17:00 h. (faranse grupos).
Características:	Iniciación e perfeccionamento do instrumento de pandeireta.
Prezo:	10 euros/mes.

GAITA

Idade:	A partir de 6 anos.
Frecuencia:	Sábados a partir das 10:30 h.
Características:	Iniciación e perfeccionamento de gaita e percusión.
Prezo:	15 euros/mes.

BAILE

Idade:	A partir de 6 anos.
Frecuencia:	Venes a partir das 17:45 h.
Características:	Iniciación ao baile galego .
Prezo:	10 euros/mes.

Descontos: baile + pandeireta = 15 €/mes. As demais cobraranse igual.

Escola de Música e Baile Galego 2019 - 2020

VENRES		SÁBADO	
17:00 - 17:45	PANDEIRETA NEN@S INICIACIÓN	10:30- 13:00	GAITA
17:45 - 18:30	BAILE NEN@S INICIACIÓN		
18:30 - 19:15	PANDEIRETA NEN@S AVANZADO		
19:15 - 20:00	BAILE NEN@S AVANZADO		
20:00 - 21:00	PANDEIRETA ADULTOS INICIAC.		
21:00 - 22:00	PANDEIRETA ADULTOS AVANZADO		
22:00 - 23:00	BAILE ADULTOS		

*Estes horarios poden sufrir modificacións en función das persoas inscritas e do nivel.

ACTIVIDADES PARA NEN@S

Escolas Municipais 2019 - 2020

	LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES	SABADO
14:00	XOGOS E PEQUEBAILE.*	AEROBIC I*	BADMINTON*	AEROBIC II*		(12:00 - 13:30) RÍTMICA Peques
15:00	AEROBIC (ESO)*					
16:00		APRENDEMOS A PATINAR ----- INGLÉS II	(16:00 - 17:30) MULTIDEPORTE E PATINAXE	APRENDEMOS A PATINAR ----- INGLÉS II	(16:00 - 18:00) RÍTMICA	
17:00		PATINAXE ----- INGLÉS I	MULTIDEPORTE E PATINAXE	PATINAXE ----- INGLÉS I	Maiores	
18:15	XOGOS E PEQUEBAILE VISANTOÑA	INGLÉS III VISANTOÑA		INGLÉS III XANCEDA		

*As actividades que se realizan durante o recreo na escola, poden sufrir modificacións xa que os horarios do centro aínda non están confirmados.

ESCOLAS DEPORTIVAS

Instalación: Pavillón do CPI Xanceda

XOGOS PSICOMOTORES E PEQUEBAILE XANCEDA

- Idade:** De 3 a 5 anos (E.I.).
- Frecuencia:** Luns de 14:10 - 15:00 h. (No recreo).
- Características:** XOGOS de habilidades motrices básicas para adquirir coordinación motriz con equilibrio, saltos, lanzamentos, xiros, golpes, ...
PEQUEBAILE para que collan o ritmo, xoguen coa música, se divirtan aprendendo coordinación, bailen cos/coas compañeiros/as, ...
- Prezo:** 25 euros.

XOGOS PSICOMOTORES E PEQUEBAILE VISANTOÑA

Lugar:	Pavillón polideportivo de Visantoña.
Idade:	De 3 a 6 anos.
Frecuencia:	1) Luns de 18:15 a 19:15 h. 2) Mércores de 18:45 a 19:45 h.
Características:	Combinación das actividades citadas de aprendizaxe motriz e de ritmo infantil.
Prezo:	25 euros.

APRENDEMOS A PATINAR

Idade:	A partir de 4 anos. (2º E.I.).
Frecuencia:	Martes e xoves de 16:00 - 17:00 h.
Características:	Aprender a patinar mediante xogos, ritmo, cooperación, imitación, creatividade, etc.
Material:	Patíns de bota con 4 rodas (non en liña), 2 tallas máis grande da súa habitual.
Prezo:	45 euros.

PATINAXE ARTÍSTICO

Idade:	Por nivel de patinaxe. Preguntar no momento da inscrición.
Frecuencia:	Martes e xoves de 17:00 - 18:00 h.
Características:	Aprendizaxe bailes, figuras acrobáticas, sláloms e actividades que requiran precisión, soltura e rapidez de movementos con patíns.
Material:	Patíns de bota con 4 rodas (non en liña), 2 tallas máis grande da súa habitual.
Prezo:	45 euros.

PATINAXE E MULTIDEPORTE

Idade:	A partir de 6 anos. Por nivel de patinaxe. Preguntar no momento da inscrición.
Frecuencia:	Mércores de 16:00 - 17:30 h.
Características:	Patinaxe artístico e iniciación divertida a varios deportes: baloncesto, bádminton, voleibol, rugby, balonmán, hockey, atletismo, ximnasia deportiva...
Prezo:	35 euros.

BÁDMINTON

Idade:	De 6 a 12 anos (de 3º a 6º E.P.).
Frecuencia:	Mércores no recreo de 14:10 - 15:00 h.
Características:	Aprender a xogar ao bádminton mediante xogos, exercicios, cooperación, etc. Empezaran cas nosas raquetas, despois poden adquirir a súa. Poderase competir no XOGADE Deporte Escolar nesta modalidade....
Prezo:	25 euros.

AEROBIC I e II

Idade:	De 6 a 12 anos.
Datas:	Faremos un grupo cada día por idades, por cada 10/15 persoas. Martes ou xoves no recreo: de 14:10 a 15:00 h. (1º - 6º E.P.)
Características:	Bailes e exercicios físicos combinados coa música. Farase un baile de exhibición ao remate do curso.
Prezo:	25 euros.

AEROBIC ESO

Idade:	A partir de 1º da ESO.
Frecuencia:	Luns de 15:30 a 16:15 h.
Características:	Bailes dirixidos. Coreografías combinadas coa música. Faranse coreografías para exhibicións de baile.
Prezo:	25 euros.

XIMNASIA RITMICA

Idade:	A partir de 5 anos.
Frecuencia:	Grupo peques: Sábado de 12:00-13:30 h. Grupo grandes: Venres 16:00-18:00 h.
Características:	Iniciación a ximnasia rítmica, grupos reducidos.
Lugar:	CPI Xanceda.
Prezo:	Grupo Peques: 12€/mes; Grupo Maiores: 15 €/mes. Non incluída nos descontos.
Importante:	Non pagar ata ter arranxados horarios e grupos!

ACTIVIDADES CULTURAIS NEN@S

ACTIVIDADE PARA NENOS-AS DE 0 A 3 ANOS

A Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy será a encargada de desenvolver as clases de Preescolar para nenos de 0 a 3 anos non escolarizados. Cabe a posibilidade de organizar dous grupos, sendo un deles en horario de mañá e o outro de tarde.

Esta asociación realizará unha reunión para todas as persoas interesadas o **mércores 18 de setembro ás 11:00 h. na Casa da Cultura**. Na reunión informarásenos dos horarios, prezo, lugar, inscricións, etc.

APRENDER INGLÉS

Idade:	Grupos I e II: De 6 a 18 anos. Grupos III: De 4 a 5 anos.
Grupos:	Grupo I (CPI Xanceda): Martes e xoves de 16:00 - 17:00 h. Grupo II (CPI Xanceda): Martes e xoves de 17:00 - 18:00 h. Grupo III (Visantóna): Martes de 18:15 - 19:15 h. Grupo III (CPI Xanceda): Xoves de 18:15 - 19:15 h.
Características:	Curso orientado a adquirir un dominio práctico e útil do inglés. Traballárase principalmente a oralidade. Grupos reducidos.
Prezo:	30 €/mes (Grupos I e II) e 15 €/mes (G. III). Descontos: dous irmáns matriculados e empadroados ou familia numerosa pagarán 25 €/mes (G. I e II) e 10 €/mes (G. III) por cada un/unha. Esta actividade non contará para os descontos habituais.

NOTA IMPORTANTE: O PRAZO DE INSCRICIÓN REMATARÁ O DÍA 18 DE SETEMBRO. DEBIDO A QUE SE NON SE XUNTA GRUPO TEREMOS QUE PRESCINDIR DA ACTIVIDADE. E ASÍ A XENTE INTERESADA POIDA BUSCAR OUTRAS ALTERNATIVAS.

INFORMÁTICA BÁSICA PARA RAPACES/AS

Idade:	A partir de 8 anos.
Frecuencia:	Luns e mércores de 16:15 a 17:30 h. (Ed. Secundaria) e de 17:30 a 18.45 h. (Ed. Primaria).
Lugar:	Casa da Cultura.
Características:	Nesta actividade os rapaces e rapazas poderán adquirir as nocións básicas de informática.
Prezo:	18 € mensuais. Descontos: dous ou máis irmáns matriculados e empadroados pagarán 15 € mensuais por cada un/unha. Esta actividade non contará para os descontos habituais.

PINTURA PARA RAPACES/AS

Idade:	A partir de 8 anos.
Frecuencia:	Luns ás 18:10 h.
Lugar:	Casa da Cultura ou parroquia onde haxa grupo.
Características:	No caso de haber un 2º grupo pódese facer o mércores neste mesmo horario, e dependendo en que parroquia sexa aínda pode ser un pouco antes.
Prezo:	9 euros /mes.

PROGRAMA BIBLIOTECA

Como sabedes tedes á vosa disposición unha biblioteca a que podedes acudir no horario da Casa da Cultura, facer o voso carné e coller os libros que queirades. Tamén podedes facer suxerencias de compra e así ter o libro desexado na biblioteca. Comezaremos o curso cun montón de novidades en galego que xa estamos a rexistrar. Ademais neste outono convidámosvos, sobre todo os máis pequeños, á ver diferentes **ACTUACIÓNS**:

➤ **TÍTERES**

A compañía **Títeres Cachirulo** trae ao Concello de Mesía un espectáculo infantil baseado no conto de Carlo Collodi *Le Aventure di Pinocchio* para público familiar.

Obra: Pinocho.

Data: **Sábado 5 de outubro de 2019.**

Horario: 16:30 h.

Idade: a partir de 3 anos.

Lugar: Casa da Cultura de Xanceda.

Prezo: Gratuíto.

Inscripcións: Aforo limitado. Anotarse na Casa da Cultura ou no Concello ata cubrir prazas.

➤ **CONTACONTOS**

A compañía **Xarope Tulú** trae ao Concello de Mesía, un espectáculo infantil de narración oral.

Obra: Estrafalaria.

Data: **Sábado 26 de outubro de 2019.**

Horario: 16:30h.

Idade: Recomendada de 3 ata 10 anos.

Lugar: Casa da Cultura de Xanceda.

Prezo: Gratuíto.

Inscripcións: Aforo limitado. Anotarse na Casa da Cultura ou no Concello ata cubrir prazas.

REDE MESÍA XOVE

Aínda non sabes que tes que facer para formar parte da Rede Mesía Xove? Infórmate no Concello de Mesía e consulta os requisitos.

PREPARATORIO INGLÉS B1 e B2

Características: Con este curso poderás prepararte para presentarte ás probas coas que poderás acadar o nivel B1 en inglés. Estamos facendo grupos para **comezar en xaneiro**.

Horario: Venres de 20:00 a 21:30 h.

Lugar: Casa da Cultura

Prezo: 35 €/mes. Se eres da Rede Mesía Xove 30 €/mes.

Inscripcións: Anotarse na Casa da Cultura.

Nota: Se so estás interesado-a en aprender inglés podes acudir igualmente á preparación aínda que non teñas pensado presentarte ás probas do B1.

E se che interesa **preparar o B2** infórmanos e farase este nivel no caso de haber xente interesada.

TEATRO

Se tes máis de 12 anos e estás interesado/a en facer teatro inscíbete chamando á Casa da Cultura ou ao Concello. Se se xunta un grupo suficiente de persoas, falaremos de datas, horarios e prezos.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS E + DE 15 ANOS

ACTIVIDADES FÍSICAS

Actividades físicas ADULTOS e + de 15 anos (2019-2020)

	Martes	Mércores	Xoves	Venres
19:00		Pilates 1. Visantofña ou Xanceda		
20:15		Pilates 2. Xanceda		
21:30		Pilates 3. Lanza		
21:45	Ximnasia mantemento		Ximnasia mantemento	Aerobic Zumba

AEROBIC - ZUMBA

Idade:	A partir de 15 anos (con autorización por idade)
Frecuencia:	Venres de 21:45 - 22:45 h.
Lugar:	Pavillón de Xanceda
Observacións:	Prazas limitadas (30 persoas) e lista de espera. Aquela persoa que falte varias veces sen xustificar será substituída por unha persoa da lista de espera.
Características:	Exercicios físicos combinados con música.
Prezo:	35 euros.

PILATES

Idade:	A partir de 15 anos (con autorización por idade)
Frecuencia:	Unha sesión por grupo: PILATES 1: Visantofña (ou Casa da Cultura), mércores, 19:00 - 20:00 h. PILATES 2: Casa da Cultura, mércores, 20:15 - 21:15 h. PILATES 3: Local social Lanzá, mércores, 21:30-22:30 h.
Observacións:	Prazas limitadas (mín. 10 e máx. 15 persoas por grupo). Lista espera.
Características:	Actividades de tensión e estiramientos para aumentar o control, a forza e a flexibilidade do corpo respectando as articulacións e as costas.
Prezo:	10 €/mes (pagar por trimestre). O primeiro recibo cando vos anotades. Non entra nos descontos. 1.º trimestre: outubro, novembro e decembro: 30 euros. 2.º trimestre: xaneiro, febreiro e marzo: 30 euros. 3.º trimestre: abril e maio: 20 euros.

XIMNASIA DE MANTEMENTO

Idade:	A partir de 15 anos (con autorización @s menores)
Frecuencia:	Un grupo, 2 días no Pavillón de Xanceda. HORARIOS: Martes e xoves de 21:45 - 22:45 h.
Características:	Exercicios físicos, xogos e deportes co fin de gañar resistencia cardiopulmonar, forza muscular, flexibilidade articular, etc.
Observacións:	Mínimo de 15 persoas anotadas. Se non se mantén a asistencia mínima, o Concello poderá modificar os horarios.
Prezo:	45 euros.

XIMNASIA TERAPÉUTICA

Destinatarios/as:	Persoas con mobilidade reducida ou mínima por mor dunha <u>discapacidade recoñecida polo SERGAS.</u>
Frecuencia:	Luns de 12:00 - 13:00 h.
Lugar:	Casa da Cultura.
Características:	Buscarase redescubrir o corpo tentando mellorar a saúde física e mental mediante o traballo do equilibrio, da postura, do ton muscular, da coordinación, da lateralidade, da comunicación, da atención, da memoria, do ritmo, da conciencia corporal, etc.
Nota:	Anotarse na Casa da Cultura (traer un informe médico aquelas persoas que non asistiran anteriormente á actividade).
Prezo:	25 euros.

ACTIVIDADES CULTURAIS

COAS TÚAS MANS: ARREGLOS FLORAIS

Idade:	A partir de 17 anos.
Lugar:	Casa da Cultura - Xanceda.
Prezo:	22€ por persoa todo incluído.
Horario:	De 16:30 a 18:30 h.
Datas:	14, 15, 16, 17, 18 de outubro.
Material:	Tesoira podadora.
Características:	Iniciación a arreglos florais.
Prazo de inscrición:	Ata o 27 de setembro na Casa da Cultura ou no Concello de Mesía (mínimo 10 persoas e máximo 14 persoas).

COAS TÚAS MANS: PINTURA

Idade:	A partir de 17 anos.
Horario:	Mércores ás 18:00 h.
Lugar:	Casa da Cultura.
Prezo:	9 euros/mes.

INFORMÁTICA BÁSICA

Idade:	A partir de 17 anos.
Características:	Ensinaranse nocións moi básicas de ordenador. Acceso e busca en Internet, crear unha conta de correo electrónico e saber usala, aprender a descargar fotos dun dispositivo móbil, etc.
Inscricións:	Se estades interesados/as, inscribídevos na Casa da Cultura ou no Concello. Unha vez que se faga grupo falaremos de lugar, horario e prezo.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS MAIORES

ACTIVIDADES FÍSICAS

Actividades físicas Maiores 2019 - 2020				
	Luns	Martes	Mércores	Xoves
10:00	XANCEDA	MESIA	XANCEDA	MESÍA
11:00	OLAS*	VISANTOÑA	CUMBRAOS	VISANTOÑA
12:00	XIMNASIA TERAPEUTICA	ALBIXOI*	ALBIXOI	BOADO
16:30	CACHIBOL			
18:00	(De 16:30 a 18:00)		17:45 OLAS*	

CACHIBOL. O DEPORTE PARA TODOS

Frecuencia	Luns de 16:30 a 18:00 h.
Lugar:	Pavillón de Olas.
Características:	Mellora a saúde, axuda a pasar o tempo, socializa, pon en forma e mantén a quen o practica eternamente mozo/a. Xogarase con pelotas brandas, daremos pases por enriba dunha rede cara ao outro equipo, aplaudiremos ao rival... Válido para todas as idades.
Prezo:	35 euros.

XIMNASIA DE MANTEMENTO

Idade: + de 60 anos (ou menos en función da condición física ou doenza).

Horarios e Lugares:

Luns

Casa da Cultura Xanceda: 10:00 - 10:50 h.

*Pavillón Olas: 11:00 - 11:50 h.

Martes

Local social Mesía: 10:00 - 10:50 h.

Pavillón Visantóña: 11:00 - 11:50 h.

Local social Albixoi: 12:10 - 13:00 h.

Mércores

Casa da Cultura Xanceda: 10:00 - 10:50 h.

Local social. Cumbraos: 11:00 - 12:00 h.

*Local Soc. Albixoi: 12:10 - 13:00 h.

Pavillón Olas: 17:45 - 18:35 h.

Xoves

Local social Mesía: 10:00 - 10:50 h.

Pavillón Visantóña: 11:00 - 11:50 h.

Local social Boado: 12:00 - 13:00 h.

NOTA: 8 participantes mínimo por parroquia, para ter un día;
12 participantes mínimo para ter dous días, así que... **ÁNIMO!!**

*Horario probable, dependerá do número de inscritos. Se hai poucos quitarase esta hora.

Características: Actividades físicas para mellorar a saúde mobilizando o corpo con exercicios adaptados á idade ou doenza dos maiores. Deporte é saúde!! Consultade co médico se podedes realizar esta actividade.

IMPORTANTE solicitar un informe médico das doenzas para adaptar os exercicios a estas.

Prezo: 45 euros.

XII PROGRAMA TEMPO FÓRA PARA MAIORES

Este programa inclúe distintas actividades que están enfocadas a manter activa a mente. Ademais de realizar exercicios enfocados a traballar a atención, concentración, ...Tamén se combinarán con actividades lúdicas e amenas. Poden participar todas as persoas maiores de 60 anos do noso concello que teñan ganas de pasar un anaco agradable entre veciños/as.

Lugares e horario de "Tempo Fóra":

Albixoi: martes ás 11:00 h.	Boado: xoves ás 10:45 h.
Cumbraos: martes ás 15:30 h.	Castro: xoves ás 12:00 h.
Lanzá : martes ás 17:00 h.	Visantoña: xoves ás 15:30 h
Mesía: mércores ás 15:30 h.	Olas: xoves ás 17:00 h.
Cabruí: mércores ás 17:00 h.	

Anotarse en Servizos Sociais do Concello no 981 687 238 (Begoña ou Laura).

NOTA: Para facer a actividade necesitarase un mínimo de persoas asistentes, así que...
ANIMÁDEVOS!!

SAÍDAS

EXCURSIÓN A CORUÑA

Data: **Sábado 28 de setembro.**

Horario: Saída ás 08:00. Os buses farán as paradas nos lugares habituais.

Características: Visita libre a cidade vella de A Coruña, visita a Casa dos Peixes, visita o parque e mirador do Monte de San Pedro, xantar en Pontedeume e, pola tarde, paseo por Sada e polo feirón.
As 19:00h sairemos cara a Mesía.

Prezo: 25 €. (a ingresar na conta do Concello en ABANCA)

Inscripcións: Ata o venres 20 de setembro en Servizos Sociais. (981687238).

Nota: Levar calzado cómodo para andar, pois hai que facer un pequeno percorrido a pé.

RUTA DE SENDEIRISMO: OS TRES RÍOS (TOURO)

Data: Sábado 19 de outubro.

Saída: Praza do Concello, Xanceda as 9:00 h.

Descrición da ruta: A Ruta dos Tres Ríos PR-G 121 transcorre durante 10 quilómetros no concello de Touro. Duración estimada menos de tres horas, dificultade baixa. Comeremos en Vilar de Cruces e visitaremos a Fervenza do Toxa, así coma exteriores do Mosteiro de Carboeiro.

Prezo: 20 €.

Inscricións: Na Casa da Cultura ata o luns 14 outubro. (20 asistentes mín.)

Importante: Calzado axeitado, auga e chubasqueiro ou gorra se fose preciso.



AUTODEFENSA PARA MULLERES

Datas: Mércores 23 e xoves 24 de novembro.

Horario: De 10:30 h a 14:30 h.

Características: Curso monitorado por especialistas da Federación Galega de Loita e pertencentes ás forzas e corpos de Seguridade do Estado.

Prezo: Gratuíto.

Inscricións: Anotarse no Concello (981. 687001. EXT- 3) dende 20/09/2019.

Lugar: Casa da Cultura.

CURSOS DE FORMACIÓN

CURSO DE APLICADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS

Características: Este curso será realizado pola empresa ATHENEA (Consultoría Integral). Cando haxa un número suficiente de inscricións. Se estás interesado/a tes que anotarte no Concello de Mesía no teléfono 981687001..

Duración: 25 horas teórico-práctico.

Horario: A convir.

Prezo: 25 €.

CURSO DE DESFRIBRILACIÓN AUTOMÁTICA EXTERNA

Este curso será realizado proximamente cunha duración de 5 horas teórico-prácticas. Antes de colocar os desfibriladores tanto no Campo de Fútbol de Visantofña como no de Mesía queremos darlle formación a aquelas persoas que poidan atoparse en situación de usalo (entrenadores, directiva, etc. Este persoal terá preferencia). Seguramente se realizará un sábado. O horario a convir. Á hora de inscribirse farase mención se se prefire de mañá ou de tarde. Se estades interesados/as, inscribídevos na Casa da Cultura ou no Concello.

INFORMACIÓN PUNTUAL

Axudas ao Transporte Escolar 2019/2020

Como en anos anteriores, convocaranse proximamente as axudas de transporte escolar. Estas estarán dirixidas a aqueles/as rapaces/as que realicen ensinanzas de bacharelato, formación profesional ou títulos homologados (excluídos os que teñen réxime de internado). Todas aquelas persoas interesadas terán as bases da convocatoria e os impresos de solicitude no concello ou na páxina web no próximo mes de outubro. Máis información a comezos de outubro no concello.

Expedición do DNI

Os días 27, 28 e 29 de novembro e 02, 03, 04 e 05 de decembro de 2019 desprazarase o Equipo Móvil do DNIe, para efectuar a expedición dos oportunos documentos. A inscrición realizarase no Concello de Ordes (981 680 002) indicando: Nome, Apelidos, N° de DNI e N° de teléfono da persoa solicitante.

Horario da Casa da Cultura

A Casa da Cultura estará aberta de **setembro a xuño** no seguinte horario:

- **MAÑÁS:** LUNS, MÉRCORES e VENRES de **10:30 a 13:30 h.**
- **TARDES:** De LUNS A VENRES de **16:00 a 19:00 h.**

Os sábados, domingos e festivos estará pechada agás para actividades puntuais organizadas polo Concello ou por outras entidades que o soliciten.

Datas nas que se suspenden as actividades municipais

As actividades municipais de inverno 2019/2020 comezarán na semana do 30 de setembro. Os días **festivos** non haberá actividades nin de nenos/as nin de adultos. Os días nos que se suspenderán as actividades para as **persoas adultas** son:

- Nadal: do **21 de decembro ata o 7 de xaneiro** (ambos inclusive).
- Entroido: o **24, 25 e 26 de febreiro**.
- Semana Santa, desde o **4 ao 13 de abril** (ambos os dous inclusive).
- Festivos locais: **25 de febreiro**, Martes de Entroido
15 de maio, Venres, San Cidre.

As actividades infantís e xuvenís suspenderanse nas vacacións escolares (Nadal, Entroido e Semana Santa) e o s días que non haxa colexio (días propios que colle o colexio, pontes, folgas, etc.) ou que saian antes do horario habitual.

MEDIOAMBIENTE

Punto Limpo do Concello de Mesía

Horario: Mércores de 16:00 - 20:00 h. e sábados de 12:00 - 16:00 h.

Lugar: Ao lado do Local Social de Céltigos (Frades)

Servizo gratuíto para a veciñanza do Concello de Frades e Mesía. Máis información no Concello de Mesía.

Residuos Voluminosos

Tipo de Residuo: Electrodoméstico e ferros.

Día: Segundo mércores de cada mes.

Importante: Para que recollan os residuos deben depositalos ao lado do contedor habitual o día antes da recollida.

Recollida de Plásticos Agrícolas

Realizarase a recollida de plásticos agrícolas nas explotacións agrarias chamando ao Concello ao 981687001. Servizo gratuíto.

INSCRICIÓNS E PAGOS

INSCRICIÓNS: Para poder asistir ás actividades hai que cubrir a **folla de inscrición** que se achega. **Non se realizarán inscricións nin reserva de praza por teléfono. É obrigatorio entregar cuberta a ficha de inscrición** nun dos seguintes sitios: a Casa da Cultura, no Concello ou ben enviala por correo electrónico (casadacultura@concellodemesia.gal). O impreso da ficha está dispoñible na Casa da Cultura, na última folla deste boletín de actividades e tamén se pode baixar da páxina web do concello (preguntar antes de cubrila polos descontos no 981 687 241).

Prazo para anotarse: do luns 16 ao 26 de setembro do 2019

As persoas con algunha doenza que inflúa na actividade física que se vaia realizar deberán presentar un **informe médico** para poder deseñar os exercicios necesarios para cada persoa e así previr molestias ou lesións.

PAGOS: Non facer pagos ata que estea confirmado o grupo. So se devolverán os cartos cando o Concello cancele a actividade e coa entrega previa do recibo de cobro.

O prezo sinalado nas actividades é para todo o curso, a non ser que na descrición da actividade se indique o contrario.

O pago do importe da actividade debe facerse antes do inicio da mesma, para poder estar cuberto/a polo seguro.

Nas actividades que teñen unha cota mensual debes pagar por trimestres e os recibos serán recollidos pola monitora da actividade.

DESCONTOS, EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS:

- **FAMILIA NUMEROSA:** 50% da tarifa.
- **As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do PARO:** 30%.

- As persoas que acrediten a súa **FALTA DE CAPACIDADE ECONÓMICA** para o pagamento da tarifa correspondente segundo o informe dos Servizos Sociais do Concello de Mesía ao respecto, o 100% da cota (non pagará).
- As persoas que se inscriban en **MÁIS DUNHA ACTIVIDADE**: por dúas actividades o 20%, por tres actividades, o 25%. Sempre e cando ditas actividades teñan opción de desconto.
- As persoas que acrediten ter unha **MINUSVALÍA** (máis do 33% de minusvalía), descontaráselles o 30%. Hai que presentar o certificado de minusvalía.
- **Só se aplicará un desconto por persoa e os descontos só son para as actividades anuais, non para as saídas ou actividades puntuais.**

Os descontos só serán aplicables a aquelas persoas que figuren empadroadas no Concello de Mesía, e tamén terán preferencia en todas as actividades municipais.

As clases comezarán na semana do 30 de setembro, segundo o día que lles corresponda, sempre que haxa un n.º mínimo de participantes en cada actividade, senón retrasaríase o seu comezo. **Só se avisará por teléfono nas actividades que se retrasen ou se cancelen.**

Nota: é importante que aquelas persoas que deixen de asistir a algunha actividade cubran o impreso de baixa. Debedes solicitarllo ao/a monitor/a da actividade.

O concello resérvase o dereito de suprimir as actividades que non alcancen o número mínimo esixido ou modificar os horarios, así coma facer máis grupos de cada actividade se o número de participantes así o require.

LEMBRADE QUE TEDES
TODAS AS NOTICIAS ACTUALIZADAS E
FOTOS DAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS EN:
www.concellodemesia.gal
e no Facebook:
Xuventude Mesía e
Deporte Concello Mesía

FOLLA DE INSCRICIÓN

ACTIVIDADES MUNICIPAIS 2019/2020

Nome _____

DNI _____ Data de nacemento _____

Teléfono/s _____

Correo electrónico: _____

Enderezo _____

Pai/nai/titor (para menores de idade) _____

DNI pai/nai _____

2 Teléfonos pai/nai/ fixo _____

ACTIVIDADE/S: _____

Desconto por _____ (Achegar o documento que o xustifique)

PREZO _____

OBSERVACIÓNS: _____

SI NON Estou empadroad/a no Concello de Mesía.

Non teño ningunha enfermidade que me impida facer con normalidade a actividade física á que me anoto.


Como usuario deste Concello, **declaro ter sido informado** de que en cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de Datos de Carácter Persoal e no RD 1720/07, os datos de carácter persoal recollidos polo **Departamento de Cultura e Deporte**, así como as fotografías ou gravacións feitas ao longo do desenrolo dos distintos programas culturais e deportivos, que se levan a cabo no **MUNICIPIO DE MESÍA**, coa finalidade de informar e xestionar as actividades, serán almacenados nun ou máis ficheiros con titularidade do Concello, que á súa vez se atopan debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Tamén me deixan constancia dos dereitos que podo exercitar, de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os meus datos persoais, así como o de revocación do consentimento para calquera das finalidades antes sinaladas, dirixíndose ó **CONCELLO DE MESÍA, R/XANCEDA S/N, 15685, MESÍA, A CORUÑA**.

Con DNI _____ DECLARO que tódolos datos aquí escritos son certos.

(Cubrir o pai/nai/titor en caso de menores de idade)

Mesía, ___ de _____ de 20__

Sinatura:



CONCELLO DE MESIA

INFORMACIÓN:

Casa da Cultura..... 981 687 241
Servizos Sociais..... 981 687 238
Casa do concello..... 981 687 001
Fax Casa do Concello 981 687 069

WEB:

www.concellodemesia.gal

FACEBOOK:

deporte concello mesia
xuventude mesia

COLABORAN:

